PARLAMENTO DE GALICIA

Proposta de adxudicación da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles:

O 29 de abril de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles ao Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 106.391,70 €, de acordo cos seguintes lotes:

lote 1, material de oficina .....19.398,97 €/ano (sen IVE).

lote 2, material de imprenta.....12.939,21 €/ano (sen IVE).

lote 3, material informático .....20.857,67 €/ano (sen IVE).

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 284, de 6 de maio de 2014. O anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 90, 13 de maio de 2014.

Rematado o prazo para presentación de proposicións presentaron oferta as seguintes empresas:

Lote 1, material de oficina:

- Office Depot, s.l.
- Paz Dismac, s.l.

Lote 2, material de imprenta:

- Grafisant, s.l.
- Brinco soluciones integrales, s.l.

Lote 3, material informático:

- Brinco soluciones integrales, s.l.
- Fornecementos Galegos, s.l.

Constituída a Mesa de contratación, procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres "A", resultando que foron admitidas, nos seus respectivos lotes, as empresas concorrentes; non houbo empresas excluídas.

O 16 de xuño celebrouse a sesión pública na que se comunicou o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas e procedeuse á apertura dos sobres "B" das empresas concorrentes; posteriormente a documentación neles contida foi trasladada aos servizos de Réxime Interior e Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia para a súa valoración. Logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esas unidades determinouse a atribución da seguinte puntuación:

Lote 1.- material de oficina:

EMPRESA	Puntos
Office Depot, s.l.	42,705
Paz Dismac, s.l.	42,088

PARLAMENTO DE GALICIA

Lote 2.- material de imprenta:

EMPRESA	Puntos
Grafisant, s.l.	38,05
Brinco soluciones integrales, s.l.	10,50

Lote 3.- material de informática:

EMPRESA	Puntos
Brinco soluciones integrales, s.l.	19,00
Fornecementos Galegos, s.l.	36,00

Na sesión pública celebrada o 26 de xuño a Mesa de contratación comunicou a puntuación obtida polas empresas en base aos criterios sometidos a xuízos de valor e posteriormente procedeuse á apertura dos sobres C. As ofertas presentadas polas empresas foron as seguintes:

Lote 1.- material de oficina:

Empresa	Proposta económica (sen IVE)
Paz Dismac, s.l.	12.927,07 €
Office Depot, s.l.	12.541,69 €

Lote 2.- material de imprenta:

Empresa	Proposta económica (sen IVE)
Brinco soluciones integrales, s.l.	10.812,55 €
Graficas Santiago, s.l.	11.236,50 €

Lote 3.- material de informática:

Empresa	Proposta económica (sen IVE)
Brinco soluciones integrales, s.l.	18.032,63 €
Fornecementos galegos, s.l.	19.193,13 €

Na reunión do 4 de xullo a Mesa de Contratación procedeu ao estudio do informe técnico elaborado polo Servizo de Réxime Interior respecto da documentación incluída nos sobres C das empresas concorrentes. Segundo se reflicte no informe técnico elaborado polo servizo de Réxime Interior, da aplicación das fórmulas establecidas no prego de cláusulas administrativas aos prezos ofertados por cada un dos licitadores resulta a aplicación da seguinte puntuación:

PARLAMENTO DE GALICIA

Lote 1.- material de oficina:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Paz Dismac, s.l.	**42,088**	**49,08**	**91,17**
Office Depot, s.l.	**42,705**	**52,00**	**94,71**

Lote 2.- material de imprenta:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Brinco soluciones integrales, s.l.	**10,50**	**52,00**	**62,50**
Gráficas Santiago, s.l.	**38,05**	**41,63**	**79,68**

Lote 3.- material de informática:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Brinco soluciones integrales, s.l.	**19,00**	**52,00**	**71,00**
Fornecementos galegos, s.l.	**36,00**	**30,64**	**66,64**

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acordou propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación de ofertas e conseguinte requirimento de documentación na seguinte orde:

Lote 1.- material de oficina:

1º. Office Depot, s.l.
2º. Paz Dismac, s.l.

Lote 2.- material de imprenta

1º. Graficas Santiago, s.l.
2º. Brinco soluciones integrales, s.l.

Lote 3.- material de informática:

1º. Brinco soluciones integrales, s.l.
2º. Fornecementos galegos, s.l.

Á vista da proposta, e previo informe favorable da Intervención, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 9 de xullo de 2014 adoptou o Acordo de clasificar as ofertas nesa orde e requirirlle ás empresas clasificadas en primeiro lugar a presentación, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, da documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas para proceder, se é o caso, á adxudicación do contrato. Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido polas respectivas empresas o 15 de xullo de 2014.

O 21 de xullo de 2014 a empresa Graficas Santiago, s.l. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (rexistro nº 25161), incluíndo constitución de garantía

PARLAMENTO DE GALICIA

definitiva mediante o aval bancario nº 8195-01240 da entidade Banco Pastor por importe de 561,83 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

O 22 de xullo a empresa Brinco soluciones integrales, s.l. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (rexistro nº 25201), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o depósito en metálico de 901,63 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

O 23 de xullo a empresa Office Depot, s.l. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (rexistro nº 25210), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o seguro de crédito e caución da entidade Cia. Española de seguros e reaseguros Crédito y Caución nº 4.114.916 por importe de 627,08 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, proponse á Mesa do Parlamento o seguinte:

1º.- Adxudicar o lote 1, material de oficina, á empresa Office Depot, s.l., polos importes unitarios da súa oferta para cada un dos produtos, que conforman o seguinte importe anual:

Prezo anual ..... 12.541,69 €.
21 % IVE..... 2.633,75 €.
Total prezo anual ..... 15.175,44 €.

2º.- Adxudicar o lote 2, material de imprenta, á empresa Gráficas Santiago, s.l., polos importes unitarios da súa oferta para cada un dos produtos, que conforman o seguinte importe anual:

Prezo anual ..... 11.236,50 €.
21 % IVE..... 2.359,67 €.
Total prezo anual ..... 13.596,17 €.

3º.- Adxudicar o lote 3, material informático, á empresa Brinco soluciones integrales, s.l., polos importes unitarios da súa oferta para cada un dos produtos, que conforman o seguinte importe anual:

Prezo anual ..... 18.032,63 €.
21 % IVE..... 3.786,85 €.
Total prezo anual ..... 21.819,48 €.

Santiago de Compostela 24 de xullo de 2014.

Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia